

RESISTENCIA POÉTICA

Orixinado como un material máis para as Xornadas de Historia que se celebran anualmente en Catoira, *A guerrilla antifranquista e os guerrilleiros de Galicia na voz dos poetas*, o libro que vén de dar ó prelo o profesor Xesús Alonso Montero, recolle textos suscitados pola resistencia guerrilleira ó réxime franquista. Así, autores como Eduardo Blanco Amor, Pablo Neruda, Luís Pimentel, Méndez Ferrín, Antón Tovar, Xesús Rábade Paredes, Luís Seoane, Lorenzo Varela, Pilar Pallarés, Rafael Alberti ou Manuel Álvarez Torneiro poñen a súa pluma ó servicio da denuncia pois, como diría Seoane, “*No combate todos ocupámonos de todo/ ningún fica soio/ nin é el/ cada un en si é necesario*”.

Tempos Novos, 68, xaneiro 2003, p.84

